



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Bibliotecas

escolares  
de Galicia

bclga

[Inicio](#) » [Actualidade](#)

## 24 de febreiro, Día de Rosalía



O **Calendario do Libro e da Lectura 2017** que publica a Secretaría Xeral de Cultura recolle o día 24 de febreiro como o 180 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro. Hai xa tempo que as bibliotecas escolares veñen celebrando o **DÍA DE ROSALÍA** nesta data a instancias da **AELG (Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega)**. Así Rosalía vive na voz de nenas e nenos que recitan os seus poemas; as mozas e mozos descubren nos seus versos á muller que é, como ben di **Ledicia Costas** no seu **Manifesto polo Día de Rosalía**, *"unha xigante que non precisa respiración asistida, nin prantos, nin ritos florais. Os pulmóns da súa obra aférranse ao futuro e ínflanse coa forza dun país que respira cultura por cada fenda"*.

Velaquí algúns exemplos da actividade que percorre estes días as bibliotecas escolares galegas:

- **CEIP Antonio Pedrosa Latas (Celeiro, Viveiro, Lugo): Rosalía-Te**
- **CEIP Campolongo (Pontevedra): Proposta para o Día de Rosalía**
- **CEIP de Cespón (Boiro, A Coruña): Día de Rosalía**
- **CPI As Revoltas (Cabana de Bergantiños, A Coruña): Día de Rosalía**
- **CPR Valle Inclán (Ferrol, A Coruña): Propostas para o Día de Rosalía**
- **EEI Barrionovo (Arteixo, A Coruña): #Rosalía-te: Día de Rosalía de Castro 2017**
- **IES Johan Carballeira (Bueu, Pontevedra): Libros ás rúas 2017**
- **IES Pazo da Mercé (Biblioteca Rosalía de Castro) (As Neves, Pontevedra): Exposición sobre Rosalía**
- **IES San Paio (Tui, Pontevedra): Rosalía, territorio da escultura**